



O catalán, lingua de Europa

Orixe, territorio e poboación

A lingua catalana, do grupo do neolatín, formouse entre os séculos VIII e X nos territorios do Imperio Carolinxio, que formaban os condados da Marca Hispánica. Durante os séculos XII e XIII estendeuse cara ó sur e ó leste, coas conquistas territoriais da coroa catalanoaragonesa, e a fronteira lingüística quedou establecida ó final do reinado de Jaume I.

O dominio da lingua catalana esténdese sobre 68.000 km², nos cales viven 11.380.000 persoas. Actualmente esta dividido en sete territorios, distribuídos en catro estados: Andorra, El Alguero (Italia), Cataluña, Illas Baleares, Comunidade Valenciana e Franxa de Poñente (España) e Cataluña Norte (Francia).

O coñecemento do catalán

O coñecemento da lingua nos territorios que a teñen como lingua propia é desigual, por mor da diversidade das realidades históricas e políticas. Dos últimos datos sobre o grao de coñecemento lingüístico, dedúcese que o número de persoas capaces de falala é dunhas 7.300.000, e o das que a poden entender, de 9.800.000.

O catalán, un caso único en Europa

O catalán, mallia ter algunhas características das linguas minoritarias, diferénciase destas por diversos motivos, que a sitúan entre as linguas europeas de poboación media. É un caso único:

- Polo seu estado xurídico. É oficial en Andorra e, xunto ó castelán, en tres comunidades autónomas españolas.
- Pola súa demografía. É a sétima lingua da Unión Europea. O número de persoas que a falan é superior ó das que falan finés ou danés, e equiparable ó das que falan sueco, grego ou portugués en Europa.
- Pola súa situación sociolingüística. Non se deixou de falar nunca e transmítese de maneira interxeracional con normalidade.
- Polo seu equipamento lingüístico. É un idioma plenamente codificado, normativizado e estandarizado, cun total consenso académico. Os seus recursos lingüísticos e estudos sobre gramática, lexicografía, dialectoloxía, terminoloxía, historia da lingua, etc. son comparables cos das grandes linguas latinas.
- Pola súa tradición cultural e literaria. O catalán conta con textos escritos, ininterrompidamente, desde o século XII. Actualmente, hai máis de 1.200 autores literarios vivos.

O catalán e as 11 linguas oficiais

En relación coas once linguas oficiais, o catalán é a sétima no que concirne ó número de habitantes. Só os territorios da Unión Europea onde o catalán é oficial —Cataluña,

Comunidade Valenciana e Illas Baleares— teñen máis poboación cós territorios nos que son oficiais o grego, o portugués, o sueco, o danés e o finés.

(mapa p. 19)

O catalán e as linguas oficiais dos 12 candidatos

En relación cos doce estados que se teñen que incorporar á Unión Europea nos vindeiros anos, o catalán é a terceira lingua no que concirne á poboación. Só o superan o polaco {polonés} (38,7 M) e o romanés (22,5 M).

(mapa p. 21)

O catalán e as linguas chamadas " minoritarias "

No territorio da Europa dos Quince hai, segundo o informe Euromosaic, trinta e seis linguas chamadas rexionais ou minoritarias, que falan máis de 20.000.000 de persoas.

Destas 36 linguas, só 6 superan o millón de persoas.

O catalán é a lingua máis numerosa no que concirne ó número de falantes e é o único que saben falar máis de 7 millóns de persoas.

O catalán inclúese, habitualmente, neste grupo de linguas anque a súa realidade queda moi lonxe da de tódalas outras, por demografía, estatuto xurídico, situación sociolingüística e consolidación da normativa lingüística.

[mapa]

Linguas europeas que contan con máis de 125.000 falantes.